



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS E MODO GALEGO ACTÍVAO! NO CEIP A MAÍA. EDUCACIÓN PRIMARIA

### 1ª Actividade:

Entre as moitas actividades que se propuxeron desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega para traballar con motivo deste día, unha delas foi a exposición que se fixo no primeiro andar do edificio de Primaria á que titulamos: ***O Noso Patrimonio. Ademais o día 13 de maio activamos o Modo Galego no CEIP A MAÍA! E comezamos a traballar nalgunhas das propostas que dentro deste programa tiñamos.***

Entendendo que o patrimonio é unha das manifestacións máis importantes da cultura dun pobo, pedimos ao alumnado do 3º Ciclo de Primaria, que é onde se traballa este tema, que buscasse algún exemplo do noso **patrimonio natural, histórico ou cultural**. Para iso tiñan que facer unha fotografía e acompañar esta dunha información sobre a mesma ou imprimir unha imaxe e escribir en galego dita información.




Engadimos en colaboración co Departamento de Música e Danza tamén na exposición unha sección adicada ao **noso patrimonio cultural intanxible: a música galega**. Complementando esta sección as nosas compañeiras Maika e Sara nos amosaron e deron unha charla na biblioteca do colexio sobre o traxe tradicional galego que tivo moi boa aceptación por parte de todo o alumnado.\* Incluímos tamén como parte do noso patrimonio cultural ao homenaxeado este ano no **Día das Artes Galegas: Francisco Asorey**. Xa que desde o noso equipo propuxemos traballar nas aulas esta figura salientable da nosa cultura, incluímos na exposición os traballos feitos polo alumnado nas clases de Plástica. Pretendemos con isto que o alumnado vaia adentándose tamén no mundo da arte a través da escultura e en particular do oficio dos canteiros galegos. Ademais o grupo de 6ºA de Primaria fixo un obradoiro en conxunto cos niveis de 5º e 6º de Infantil. Os maiores fixeron de mestre/as por un día cos máis pequenos/as trasladándolles a súa aprendizaxe na escultura con masa de modelar. A actividade consistía en facer a man do escultor Francisco Asorey (exposta no Museo do Pobo Galego) empregando como modelo as súas propias mans.

E como indudablemente e dentro do patrimonio cultural está a nosa lingua, adicamos outra sección á escritora homenaxeada neste curso con motivo do **Día das Letras Galegas, Luísa Villalta**.

*Na galería de imaxes da páxina do centro pódense ver máis fotos e un vídeo da exposición "O Noso Patrimonio".*

# O NOSO PATRIMONIO





# DÍA DAS ARTES GALEGAS

F R A N C I S C O A S O R E Y

2 0 2 4



5ºA


E  
D  
U  
C  
A  
C  
I  
O  
N  
I  
N  
F  
A  
N  
T  
I  
L





50B  
EDUCACIÓN INFANTIL







6º B



EDUCACION



INFANTIL





## 2ª Actividade:

**Organizado polo Departamento de Música e Danza,** os

alumnos e alumnas de 4º nivel tiveron a inmensa sorte e o privilexio, de contar coa presenza no centro de Pablo Seoane e de ter unha clase de música inmejorable da súa man, dentro do marco da semana das Letras Galegas. É un gaitero de recoñecido prestixio, mestre de gaita e construtor de instrumentos tradicionais galegos no obradoiro Seoane en Teo.

✓ Asociación de gaiteros galegos:

[http://gaiterosgalegos.gal/index.php?option=com\\_discografias&task=artista&id=107&Itemid](http://gaiterosgalegos.gal/index.php?option=com_discografias&task=artista&id=107&Itemid)

✓ El Correo Gallego

<https://www.elcorreogallego.es/hemeroteca/hacemos-un-espectaculo-variado-experimentamos-ritmos-JECG448450>

✓ Praza.gal

<https://praza.gal/ducias/de-artista-e-grupos-galegos-na-programacion-do-festival-interceltico-de-orient>

✓ Pablo Seoane

ramallosamusical

O obradoiro titulado: “Os instrumentos tradicionais van á escola”, consistiu na presentación ao vivo de todos os instrumentos da música tradicional galega e dos instrumentos de vento metal correspondentes ás bandas de música populares.

1.- Dentro dos instrumentos tradicionais:

- As gaitas : a gaita de cana, instrumento primitivo do que provén a gaita actual. Tipos e diferenzas segundo a distribución dos elementos sonoros.

- Instrumentos de corda: o rabel.

- Instrumentos de percusión: o tambor, a caixa, o bombo, a pandeira, o pandeiro, o charrasco, o birimbao ou trompa e a ocarina.

- Tamén viron elementos ou útiles que se utilizan coma instrumentos de percusión, pero que non son instrumentos:

as culleres, as cunchas , as tarrañolas, as castañolas, a canaveira, a lata, a botella de anís e o sistro.



## 2.- Dentro dos instrumentos populares:

- Acordeón. Diferenciación entre os tipos de acordeón cromático. Acordeón diatónico.
- Os clarinetes.
- O saxofón.
- As frautas travesseiras, a requinta e o tin whistle.
- O bombardino.

Desde aquí queremos agradecer a Pablo o seu entusiasmo cara a nosa música, que sen dúbida, sabe transmitir como ningún aos nenos e nenas.





# Instrumentos tradicionais






### 3ª Actividade:

O alumnado de 5º B realizou a actividade AMES LUGAR DE VACACIÓNS, escollendo o patrimonio.

Indagaron sobre o patrimonio que temos no noso concello para rematar creando unha campaña co tema “Ames, lugar de vacacións” a fin de poñer en valor a riqueza do Concello de Ames dunha forma divertida e orixinal. Comezaron facendo un listado dos puntos destacados do concello que poderían incluírse na campaña.

Por último, chegou a hora de poñela en práctica e cada alumno creou a súa, realizando un cartel co lema: Ames lugar de vacacións!







#### 4ª Actividade:

Na galería do centro están adxuntos os audios das creacións e interpretacións de Rap en galego realizado polo noso alumnado.

#### **EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA**

**\*VER MODO GALEGO ACTÍVAO!:**

O Noso Patrimonio: o traxe tradicional galego.